

Flutuacións

Alternancia entre **periodos ON**, con boa mobilidade e cunha resposta axeitada á medicación, e **periodos OFF**, con reaparición de síntomas parkinsonianos e cunha resposta suóptima á medicación.

Aparecen como consecuencia da **disminución do beneficio** que se adoita obter co tratamento **con levodopa**.

As flutuacións poden ser **motoras e non motoras**.

As **flutuacións non-motoras** poden chegar a ser **mais invalidantes** que as motoras

Enfermeira Especializada en Neuroloxía

Empoderando vidas, mellorando a saúde das persoas

Transformamos o coidado en coñecemento para unha mellor calidade de vida



Neste documento, o termo 'enfermeira' emprégase de forma xenérica para incluír a todos e todas as profesionais, sen distinción de xénero

Enfermidade de Parkinson

Atención ás Flutuacións





A clave Enfermaria

- Presente en tódalas etapas da Enfermidade de Parkinson (EP)
- O éxito terapéutico depende do cumprimento do tratamento e do correcto seguimento das persoas con EP
- O impacto da enfermeira especializada na atención de persoas con EP é vital e indispensable para o éxito dos tratamentos.

Tipos

Wearing OFF

Aparición dos síntomas da EP antes da seguinte dose programada de levodopa

Acinesia Matutina

OFF que aparece a primeira hora da mañá antes de que a primeira dose de levodopa faga o seu efecto

Acinesia Nocturna

Reducción ou ausencia de movemento durante o descanso nocturno. Mal descanso nocturno

Delayed ON

Cando os síntomas OFF persisten por un longo tempo despois de tomar a dose de levodopa

Outras

Erro de dose
OFF impredecibles
Semi-ON ou ON subóptimo

Intervención

Farmacolóxica

- Fragmentar doses de levodopa
- Combinar levodopa con outros fármacos: agonistas, IMAOS, ICOMT
- Tratamentos a demanda e tratamentos de segunda línea

Non Farmacolóxica

Educación Sanitaria durante tódalas etapas da EP

- Recoñecer sintomatoloxía
- Identificar flutuacións ON/OFF

Consulta activa: abordaxe conxunto

- Diario de flutuacións
- Cuestionario de verificación de síntomas
- Asegurar pautas e horarios de tratamento

Dieta

- Valorar redistribución proteica se precisa
- Mellorar absorción levodopa: toma 30 min antes da inxesta, uso agua carbonatada, evitar comidas copiosas e graxas

Estilo de vida saudable

- Persoa activa física e mentalmente
- Manter relacións sociais
- Terapias complementarias: Tai Chi, fisioterapia, musicoterapia, logopedia...

